


# P R E S C O

Plan de Reactivación  
Económica e Social do  
Concello da Coruña



# **Axudas a autónomos e micropemes, en 3 minutos**



# Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña 2020

## BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS EMPRESAS NO PLAN PRESCO

Convócanse subvencións para o mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal da Coruña no ano 2020 con ocasión da crise do COVID-19.

### Que finalidade ten a convocatoria?

Promover a consolidación do tecido comercial, profesional, hostaleiro e en xeral empresarial, así como apoiar o mantemento e a creación de emprego.

### A quen se dirixen as subvencións?

Microempresas e persoas traballadoras autónomas que buscan manter a súa actividade económica, adaptar os seus locais ás medidas de prevención e protección fronte ao COVID-19, así como á súa transformación dixital.



# CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de 6.235.000,00€



## **LIÑA 1. SUBVENCIÓN PARA GASTOS CORRENTES (Apoio e mantemento da actividade económica)**

- A) Axudas dirixidas a autónomos e micropemes (cotas da Seguridade Social)
- B) Axudas dirixidas a sufragar alugueiros de locais comerciais, de hostalaría ou sector servizos
- C) Subvención a autónomos e micropemes para o pago de xuros
- D) Programa de incentivos á contratación de persoal

4.985.000,00€



## **LIÑA 2. SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS (Apoio á mellora, adaptación e transformación dixital das empresas)**


- A) Axudas a gastos de adaptación, acondicionamiento de comercios, hostalería e outras empresas
- B) Transformación dixital de empresas

1.250.000,00€

# LÍMITE MÁXIMO POR BENEFICIARIO



O límite máximo da subvención para cada persoa beneficiaria física o xurídica é **6.200,00€** de acordo co seguinte:



LIÑA 1 → máximo de 3.700,00€

LIÑA 2 → máximo de 2.500,00€

# PERSOAS BENEFICIARIAS



## AUTÓNOMOS

Persoas físicas traballadoras autónomas dadas de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social o mutualidade de colexio profesional.



## MICROEMPRESAS

As sociedades de calquera clase que teñan a condición de microempresa, incluíndo ás sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separados sen personalidade xurídica, legalmente constituídas.

Para considerarse microempresa, deben cumprirse durante dous exercicios consecutivos polo menos dous das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas do activo non supere 1.000.000,00€
- Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os 2.000.000,00€
- Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez



Estes requisitos deberán estar cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o prazo de execución da actividade subvencionada

- Radicar no termo municipal da Coruña
- Estar dados de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente e ser titulares dunha actividade económica ou profesional con anterioridade á declaración do estado de alarma
- Ter xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello da Coruña
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución da concesión
- Exclusivamente para a totalidade dos conceptos da liña1, ter recoñecida a prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada no artigo 17 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo
- Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións e demais normas de aplicación

# GASTOS SUBVENCIONABLES

Son todos aqueles que levasen a cabo no período e respondan á natureza dos gastos sinalados nas bases da convocatoria.

O prazo de execución máximo para a totalidade das axudas incluídas nesta convocatoria será do 31 de decembro de 2020, con excepcións en determinadas liñas.

## LIÑA 1. SUBVENCIÓN PARA GASTOS CORRENTES (Apoio e mantemento da actividade económica)

### A. Axudas dirixidas a autónomos e micropemes (cotas da Seguridade Social)

- A cota correspondente, tomando como referencia a base mínima de cotización que corresponda, vixente en cada momento.

Poderá ser subvencionable o 100% do gasto por este concepto ata un máximo de 6 cotas da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, efectivamente abonadas, no período de xullo a decembro de 2020.

- Pago de cotas de Seguridade Social para persoas contratadas

Poderá ser subvencionable o 100% do gasto en concepto de cota empresarial correspondente entre os meses de xullo a decembro de 2020, polo persoal que estivese de alta a data do 14 de marzo de 2020 e non causase baixa na empresa. O máximo subvencionable será de 300€ por persoa e mes.

### B. Axudas dirixidas a sufragar alugueres de locais comerciais, de hostalería ou sector servizos

- Gastos en aluguer de locais comerciais, de hostalería ou do sector servizos afectos exclusivamente a unha actividade económica e atópanse situados no termo municipal da Coruña entre marzo e decembro de 2020.

Subvencionarase o 75% do importe da renda efectivamente abonado polos meses anteriormente indicados, cun máximo de 1.500,00€ por persoa beneficiaria.



# GASTOS SUBVENCIONABLES

## LIÑA 1. SUBVENCIÓN PARA GASTOS CORRENTES (Apoio e mantemento da actividade económica)

### C. Subvención a autónomos e micropemes no pago de xuros

- Gastos por xuros de préstamos y operacións suscritas a partir do 18 de marzo con entidades financeiras ou equivalentes avaladas por el Instituto de Crédito Oficial (ICO)

A contía da subvención será do 75% do abonado exclusivamente en concepto de xuros, cun límite de 600 euros por persoa.

### D. Programa de incentivos á contratación de persoal

- Contratacións novas de persoal efectuadas desde xuño de 2020, sexa como contratación indefinida ou temporal cunha duración mínima dun ano.

Considérase subvencionable o 100% dos importes efectivamente abonados polos conceptos de soldos e salarios e cotizacións da Seguridade Social entre os meses de xuño a decembro de 2020, cun máximo de 1.500€ por cada persoa contratada. Este máximo pode incrementarse ata 2.000€ se se cumpren diferentes condicións detalladas nas bases.

# GASTOS SUBVENCIONABLES

## LIÑA 2. SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS (Apoio á mellora, adaptación e transformación dixital das empresas)

- Requisitos xerais das inversións
  - Os investimentos subvencionados deberán estar implementados e en uso pola entidade ao final do prazo de execución.
  - Deberán manterse durante un mínimo de 2 anos desde a finalización do prazo de execución.
  - No poderá existir vinculación coas persoas provedoras dos investimentos, salvo que se solicite e obteña a previa autorización e se realízae a acreditación do custo e prezo de mercado.

### **A. Axudas a gastos de adaptación, acondicionamento de comercios, hostalaría e outras empresas**

- Gastos de adaptación dos espazos físicos afectos á actividade económica, así como a instalación de equipos de prevención e contención fronte ao mesmo realizados entre o 1 de marzo e o 30 de novembro de 2020.  
Subvencionase o 75% da inversión realizada, cun límite de 600€ por persoa beneficiaria.

# GASTOS SUBVENCIONABLES

## LIÑA 2. SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS (Apoio á mellora, adaptación e transformación dixital das empresas)

### B. Axudas á transformación dixital de autónomos e micropemes

Considéranse subvencionables os seguintes gastos de investimentos, ata un máximo do 75% do gasto realizado. O investimento debe terse realizado entre o 14 de marzo e o 30 de novembro de 2020:

- a) Implantación de páxinas web con diferentes características técnicas (detalle nas bases da convocatoria).  
O importe máximo subvencionable é de 800€ para as páxinas web, sempre que contén co apoio de redes sociais na empresa, e de 2.000€ para as páxinas web que inclúan venda en liña ou e-commerces. Ambos importes son incompatibles entre si.
- b) Introducción de ferramentas de marketing 4.0  
Instrumentos de xeolocalización ou big data centrados na conectividade e na predicción de patróns de consumo e ferramentas de realidade aumentada. O importe máximo subvencionable é de 2.000€ para a compra de software ou licencias destas ferramentas.
- c) Implantación de ferramentas de xestión  
Sistemas integrados para a planificación de recursos empresariais. O importe máximo subvencionable será de 2.000€ por persoa beneficiaria.
- d) Equipamento.  
TPV integrados para a venda e facturación dos produtos e servizos. Importe máximo da subvención polo concepto será de 500€ por persoa beneficiaria.

# PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

**As solicitudes de subvención deberán presentarse nos modelos de solicitude que figuran como anexos, xunto coa documentación correspondente e no prazo establecido**



Presentación obrigatoria por medios electrónicos, a través do formulario de solicitude dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/> )



Xunto co formulario de solicitude, achégase debidamente cuberto, o Anexo S1 xunto co resto de documentación establecida na base 11.3 da convocatoria



As solicitudes poderán presentarse desde as 00:00 do 7 de xullo ata as 23:59 horas do 15 de setembro de 2020



Cada persoa solicitante só poderá solicitar as axudas desta convocatoria nunha única vez. A data de presentación da solicitude determinará a orde que se establecerá para a concesión da subvención ata o esgotamento do importe da convocatoria

# MÁIS INFORMACIÓN

Bases da convocatoria, documentación normalizada e información adicional

- Páxina web oficial municipal <https://www.coruna.gal>
- Departamento de Promoción Económica e Comercio (ACCEDE PAPAGAIO, Plaza Papagaio, s/n, CP 15002 A Coruña)
- Teléfono de contacto 981 184 399
- Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/>
- Dirección de correo electrónico [presco@coruna.es](mailto:presco@coruna.es)

# P R E S C O

Plan de Reactivación  
Económica e Social do  
Concello da Coruña